

e é que unha e outra e outra vez
escoitando a vosa merda sen saber por que.
Somos as fillas de todas as que se plantaron e dixeron:

QUE QUE QUE!

Varre vasoira, vasoira miña,
fai moito tempo que non varres a cociña (x4)
Varre, varre, varre vasoiriña
Vare, varre, vasoiriña miña
A guerra, a guerra, a guerra imos parar
A guerra, a guerra, a guerra imos parar.

Xa non calaremos máis
Non, non, non, non!
Xa non calaremos máis
Non, non, non, non!
Xa non calaremos máis
Non, non, non, non, non, non, non!

Varre vasoira, vasoira miña,
fai moito tempo que non varres a cociña (x 2)...

Maçãzinha RETIMBRAR

Maçãzinha, meu rebento
Onde vais com tanta pressa?
Anda aqui p'ra minha beira
Diz-me que algazarra é essa

Diz-me que algazarra é essa
Quem subiu à cerejeira
Tem cuidado maçãzinha
Há praí muita roseira

Há praí muita roseira
Também aprendi sozinha
Essa meninice tua
Já é voo de andorinha

Maçãzinha chega cá
Tenho ramos de agarrar
Acredita meu amor
Fico p'ra te ver dançar

Ó maçã da cor da lima,
Vai ser longa a travessia
Vê o mundo mais de cima
Estás em boa companhia

Estás em boa companhia
põe os olhos no que muda
És maçã tão miudinha
Hás de ser maçã graúda

Maçãzinha camoesa
Tens ao colo a flor da vida
Se te lanças ao silvado
Tu vais ser a destemida

Tu vais ser a destemida
Ao olhar de uma criança
Pensa que há de vir o dia
Maçãzinha da mudança

SE DE REPENTE PERTO FOSSE UM VERBO

MARIA ISABEL FIDALGO
Não esqueças o meu nome
Poética Edições, 2022

Se de repente perto fosse um verbo,
pedia-te que me pertasses
porque apertar é uma palavra pesada
e pertar é mais perto e mais curto o trajeto.
Perta-me e faz-me de febre
nas asas da tua embarcação
para que a viagem seja sal e suor
no corpo deslumbrado.
Não me dêes braços, mas asas
que sobrevoem os anos
e gorjeiem nos ramos que ficaram pelo caminho
gélidos como a carne da cal de inverno
que se rendeu ao sono polar.
Se perto fosse um nome, que fosse casa
onde o sol nos acordasse depois das mãos
ou depois da chuva, se fosse perto a água
e distante o exílio que matou o lume
da coluna de fogo onde eu quis arder.

MAMÁ FALA EN LINGUAXES DE DOCUMENTOS PREDETERMINADOS

ARANCHA NOGUEIRA
Antese
GALAXIA, 2022

MAMÁ fala en linguaxes
de documentos predeterminados.

Pero eu sei que ten as mans na terra
e as unllas podres polos peixes.

A min cáenme as unllas a cachiños porque agora non hai
xeito de arranxalas

e mamá prepara unha solución plástica
para quitar as cores que non son

as cores que preparei
o día antes de todo
(para ti)

e que nunca viches e chorei

e ocultei de mamá as bágoas como ela os ollos tristes.

Podemos vernos agochadas
pero debemos ser discretas como o medo.

Non colle un só descoído.

GALA dos premios da **MÚSICA** e da **POESÍA** galego-portuguesas



FILLAS DE CASSANDRA • RETIMBRAR
ARANCHA NOGUEIRA • MARIA ISABEL FIDALGO
ASSOCIAÇÃO JOSÉ AFONSO

10 outubro | Auditorio de Galicia | 20H30
Santiago de Compostela


ari[t]mar
galiza e portugal



 Deputación
DA CORUÑA

ari[t]mar

Difundir a música e a poesía, aproximar a cultura e a lingua da Galiza e Portugal

Promove: Escola Oficial de Idiomas de Santiago de Compostela, Xunta de Galicia
Organizan: Escola Oficial de Idiomas de Santiago de Compostela, Xunta de Galicia e Concello de Santiago de Compostela
Patrocinan: Xunta de Galicia, Deputación Provincial da Coruña, Concello de Santiago de Compostela,
Agrupamento Europeo de Cooperación Territorial Galicia-Norte de Portugal
e Instituto Camões-Centro Cultural Português de Vigo
Colaboran: Facultade de Filoloxía de Santiago de Compostela, Escola Oficial de Idiomas de Ferrol,
Escola Oficial de Idiomas de Lugo, Escola Oficial de Idiomas de Pontevedra, Centros do Ensino Português
pelo Camións na Galiza, Conservatorio Profesional de Música de Santiago de Compostela

aritmar.gal





aRi(t)mar galiza e portugal é unha iniciativa da Escola Oficial de Idiomas de Santiago de Compostela, pertencente á Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia, que celebra este ano a súa oitava edición, e ten por obxectivo dar a coñecer e difundir a poesía e a música editada na Galiza e en Portugal, así como achegar a cultura e a lingua comúns dos dous países, no cadro das accións de desenvolvemento da Lei Valentín Paz-Andrade para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía.

O certame consta de catro categorías: mellor tema musical galego, mellor tema musical portugués, mellor poema galego e mellor poema portugués. A escolla é feita polo público xeral, galego e portugués, entre 10 poemas e cancións finalistas seleccionadas polo xurado do certame. O dito xurado escolle tamén, entre as propostas achegadas polos seus membros, a persoa, iniciativa ou institución que, pola súa traxectoria, sexa merecedora do premio especial á embaixada da amizade galego-lusófona.

PALMARÉS DE MÚSICAS E POESÍAS PUBLICADAS EN 2022

Músicas gañadoras

Galiza: II. LISÍSTRATA (VARRE VASOIRA).
FILLAS DE CASSANDRA

Portugal: "MAÇÃZINHA" (FEAT. UXÍA). **RETIMBRAR**

As segundas máis votadas:

PARA CANDO EU MORRA. **SES**, Gz
DILÚVIO. **A GAROTA NÃO**, Pt.

As terceiras máis votadas:

PAXARO DO DEMO. **XOEL LÓPEZ & BAIUCA**, Gz
DANÇA DE UM DIA NORMAL. **MIGUEL ARAÚJO**, Pt.

Poesías gañadoras

Galiza: MAMÁ FALA EN LINGUAXES
DE DOCUMENTOS PREDETERMINADOS.
ARANCHA NOGUEIRA

Portugal: SE DE REPENTE PERTO FOSSE UM VERBO.
MARIA ISABEL FIDALGO

As segundas máis votadas:

SE ALGUNHA COUSA QUEREN COMIGO.
LORENA CONDE, Gz
PODIA-TE CHAMAR LISRIO.
FERNANDO MACHADO ANTUNES, Pt.

As terceiras máis votadas:

AS AMIGAS. **YOLANDA CASTAÑO**, Gz
FAÇO UMA CURTA VIAGEM.
MARIA TERESA DIAS FURTADO, Pt.



FILLAS DE CASSANDRA

Na Antiga Grecia danse a man a música tradicional galega, a electrónica, o trap e o compromiso feminista, entre outros elementos. Ou polo menos iso ocorre na Acrópole das Fillas de Cassandra. María Pérez e Sara Faro conforman este dúo que está dando unha nova e forte puntada na escena musical galega e está colleitando na súa, polo de agora, curta traxectoria un crecemento/unha medra exponencial. LISÍSTRATA (varre vasoira) é o segundo corte do primeiro traballo das artistas viguesas, colleitando un álbum conceptual en que a reivindicación se tingue non só de fortes ritmos e ambientais sonoridades electrónicas senón tamén dunha potencia escénica sen igual no panorama actual.



MARÍA ISABEL FIDALGO

Natural de Barcelos e residente en Braga, Maria Isabel Fidalgo é licenciada en Lingua e Literatura Modernas. Apaixonada pola súa profesión, o ensino, e pola danza, é autora das obras Antes De Mim Um Verso, À Roda da Saia, Sou Viagem e Não Esqueças o Meu Nome; neste último poemario, figura a elixida como Mellor Poesía do Ano en Portugal. Na súa obra conviven, entre outros moitos, temas como o amor ou a paixón e adoita falarlle a unha segunda persoa do singular que, en ocasións, parece ser a propia persoa lectora.



RETIMBRAR

Na cidade do Porto, un grupo de músicos leva desde o ano 2008 practicando algo chamado TugaBeat. Eles son Retimbrar, e o amentado TugaBeat é a súa música, unha na que importa a percusión, a música tradicional lusa e traer ao presente todo o que xa estaba no pasado. A súa vocación de mestura levounos a xogar con decenas de xéneros musicais, sempre desde a súa perspectiva baseada na percusión tradicional lusa. "Em Maçãzinha", covidaron Uxía, traballadora incansable en prol da renovación do folclore e da tradición musical galega e, neste caso unha vez máis, en dotar de novos azos as colaboracións culturais galego-lusófonas.



ARANCHA NOGUEIRA

Natural de Ourense e licenciada en Xornalismo, Arancha Nogueira é unha das voces máis representativas dentro do que podemos chamar poesía millennial galega. Escribe versos achegados a unha realidade coa que, segundo opina, a poesía nunca debe perder o contacto. Publicou en diversas antoloxías, revistas literarias e fanzines. Antese, o poemario que contén a poesía gañadora do premio á Mellor Poesía do Ano na Galiza, é a súa novena obra poética en solitario.



ASSOCIAÇÃO JOSÉ AFONSO

Nacida en Setúbal no 1987, pouco despois da morte do Zeca, a Associação José Afonso leva máis de 30 anos difundindo os valores do Zeca a través dos quince núcleos activos que ten por todo Portugal. Do mesmo xeito, a delegación galega, AJA Galiza, amais de promover o legado do cantor, traballa a prol de dar a coñecer a realidade social e cultural da Galiza nos territorios de alén Miño. Unha Galiza pola cal a vida do Zeca discorreu en numerosas e moi salientables ocasións. A plena identificación do Zeca coa Galiza ficou reflectida nunha das súas declaracións máis coñecidas: "A Galiza é para mim umha espécie de Pátria espiritual. Foi umha experiência maravilhosa. Algo especial. Talvez ninguém me entendesse como na Galiza".

LISÍSTRATA (varre vasoira) FILLAS DE CASSANDRA

Somos distintas das que comezaron na nosa pel gardamos o legado alén das bombas soubemos paramos: nin sexo, nin carne, nin putos cuidados. Non asumimos o voso pecado facedes a guerra cos ollos pechados non recoñecedes nin o propio bando

A ACRÓPOLE CANTA:

Varre vasoira, vasoira miña,
fai moito tempo que non varres a cociña.
Varre vasoira, vasoira miña,
fai moito tempo que non varres a cociña.
Varre vasoira, vasoira miña,
fai moito tempo que non varres a cociña.
Varre vasoira, vasoira miña,
fai moito tempo que non varres a cociña.

Nós que coñecemos o cariz da trampa sempre deseñada para a vosa lei.
Deixade de impoñernos todos os vosos cuidados esta casa en que habitamos non é o hábitat dun rei